

**MEMORANDO DE ENTENDEMENTO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O
CAMÕES, INSTITUTO DA COOPERAÇÃO E DA LÍNGUA, I.P. PARA A ADOPCIÓN
DO PORTUGUÉS COMO LINGUA ESTRANXEIRA DE OPCIÓN E AVALIACIÓN
CURRICULAR NO SISTEMA EDUCATIVO NON UNIVERSITARIO DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

Na Coruña, 19 de febreiro de 2015

A Xunta de Galicia, representada por don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

e

O Camões, Instituto da Cooperação e da Língua, I.P., en diante designado por Camões, I.P., persoa coletiva de dereito público con n.i.p.c. n.º 510322506, con sede na Avenida da Liberdade, n.º 270, 1250-149 Lisboa, aquí representado polo embaixador de Portugal en Madrid, Francisco Ribeiro de Menezes, en representación da presidenta do Consello Diretivo, Prof.^a doutora Ana Paula Laborinho,

En diante designados signatarios,


Expoñen

I.

Lembrando que o 9 de maio de 2012 se celebrou no Porto o XXV Cumio Hispano-Portugués, presidido polo primeiro ministro portugués e polo presidente do Goberno de España, que puxo de manifesto a especial

natureza das relacións existentes entre Portugal e España, ambos os gobiernos recoñeceron a importancia da sinatura do Memorando de Entendemento sobre a educación non universitaria e da lingua, mediante o establecemento dun plan de acción para a promoción das linguas portuguesa e española nos sistemas educativos de ambos os países, e favorecendo o intercambio de información en materia de ensinanza, en particular no marco da formación profesional e da avaliación do sistema educativo. Neste contexto, acollerón con satisfacción os avances realizados na negociación de memorandos de entendemento que, a semellanza do que xa acontece coa Junta de Extremadura e coa Junta de Andalucía, permitirán a incorporación do idioma portugués como lingua estranxeira optativa curricular noutras comunidades autónomas.

- II. Considerando a importancia que posúe a educación no desenvolvemento das relacións bilaterais entre España e Portugal e as orientacións aprobadas polo Consello de Europa e pola Unión Europea en relación coa promoción do multilingüismo.
- III. Estando decididos a contribuír a unha crecente proximidade e entendemento entre os pobos portugués e español e a implementar o coñecemento recíproco das respectivas culturas, así como intercambios educativos e culturais entre alumnado e profesorado no marco de programas europeos ou iniciativas transfronterizas, de xeito que se fomente a difusión de boas prácticas e experiencias, mediante la realización de iniciativas como seminarios, encontros, cursos ou visitas de estudio.
- IV. Recoñecendo a importancia crecente da lingua portuguesa como lingua oficial e de traballo nas organizacións internacionais, así como o seu valor e peso económico.
- V. Atendendo a que a introdución da lingua portuguesa como lingua estranxeira de opción e avaliación curricular nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia contribuirá á difusión da lingua



portuguesa e ao enriquecemento cultural de todos cantes se beneficien da súa aprendizaxe.

- VI. Considerando que o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 8 de abril de 2014, urxe promover medidas en desenvolvemento da previsión recollida no artigo 2 da citada lei. Medidas que estarán en relación coa incorporación progresiva da aprendizaxe da lingua portuguesa no ámbito das competencias en linguas estranxeiras, co obxectivo estratégico de dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e que nos concede unha gran proxección internacional, xa que o portugués é a lingua oficial e de traballo de moitas organizacións internacionais, incluída a Unión Europea, así como a lingua oficial de nove países e da Rexión Administrativa Especial de Macau (China), sendo a lingua máis falada no hemisferio sur.


Ambos os signatarios deciden, de común acordo:

1. Obxecto

Este memorando ten por obxecto apoiar a implantación e a consolidación do portugués como lingua estranxeira de opción e avaliación curricular nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Compromisos da Xunta de Galicia

1. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, comprométese a adoptar medidas que consoliden a implantación e a consolidación do portugués como lingua estranxeira de opción e avaliación curricular nos centros educativos de ensino secundario e bacharelato que determine a Xunta de Galicia.



2. A Xunta de Galicia a través dos centros educativos definidos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará información relativa á obtención do certificado do ensino de Portugués (Certificado Camões), cuxo carácter é voluntario e destinado a alumnos de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria.
3. A Xunta de Galicia recoñecerá no marco normativo vixente para a formación permanente do profesorado, as acción formativas de lingua e cultura portuguesas desenvolvida polo Camões, I. P. e destinada ao profesorado de Lingua e Cultura portuguesas do sistema educativo galego e da Rede do Ensino de Portugués no estranxeiro.


3. Compromisos do Camões, I.P.

1. O Camões, I.P. comprometese a organizar e executar a política de divulgación e de ensino da lingua e da cultura portuguesas no estranxeiro.
2. O Camões, I.P. comprometese a apoiar a consolidación do programa a través de accións de formación de docentes, intercambios de alumnos, seminarios e outros eventos de carácter pedagóxico e científico, identificados como necesarios para a total consecución dos obxectivos deste memorando.

4. Programa para a consolidación e a promoción do portugués como lingua estranxeira de opción e avaliación curricular

A Xunta de Galicia e o Camões, I.P. colaborarán na posta en marcha deste proxecto, coas seguintes accións:

1. Elaborarán un programa de consolidación e promoción do portugués como lingua estranxeira de opción e avaliación curricular no sistema educativo da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. O programa establecerá o plan de acción para a implantación, consolidación e promoción do portugués como lingua estranxeira de opción e avaliación curricular nos centros de ensino definidos pola Xunta de Galicia.



3. Os gastos nos que puidesen incorrer as institucións asinantes deste memorando estarán condicionados á existencia de disponibilidade orzamentaria anual ordinaria, respectando a lexislación vixente que sexa de aplicación.

5. Comisión de Seguimento

1. Crearase unha Comisión de Seguimento que terá como misión observar e analizar a evolución do programa.
2. A Comisión de Seguimento elaborará un informe anual de avaliación da execución do programa, que poderá incluir recomendacións dirixidas ás institucións asinantes deste memorando.
3. Cada signatario designará dous representantes para integrar a Comisión de Seguimento. Esta designación realizarase no prazo máximo de 30 días dende a sinatura deste memorando.

6. Difusión da colaboración das partes


1. En todas as actividades realizadas no ámbito deste memorando deberá constar, en lugar destacado, a colaboración entre os signatarios e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das institucións asinantes.
2. Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das institucións asinantes comprométese a facer mención da outra e deste memorando en cada unha das actividades realizadas.

7. Natureza non normativa

Este Memorando de Entendemento asínase como un documento non normativo, xerador de compromisos políticos pero non de obrigas de natureza xurídica.

8. Aplicación


Este memorando aplicarase dende a data da súa sinatura e deixará de producir efectos cando se lle poña fin por escrito por algunha das institucións asinantes con polo menos un mes de antelación.





Ao estaren as dúas institucións asinantes conformes, asínanse doux exemplares deste memorando en galego, doux en castelán e doux en portugués, no lugar e na data arriba indicados.

Pola Xunta da Galicia



Polo Camões, Instituto da Cooperação e
da Língua,I.P.

Francisco Ribeiro de Menezes

Francisco Ribeiro de Menezes
Embaixador de Portugal en Madrid